

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 2**  
**REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXI**  
**E DEMAS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO.**

**Artigo 1.- Fundamento e natureza**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por licencia de autotaxis e demais vehículos de alugueiro, que se regula pola presente ordenanza fiscal segundo o previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

**Artigo 2.-Feito imponible**

Constitúe o feito imponible de esta taxa a prestación dos servicios e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de alugueiro a que fai referencia o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias;
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu outorgamento, con arreglo a lexislación vixente.
- c) Autorización para a substitución dos vehículos posuidores de licencia, sexa voluntariamente ou por imperativo legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamiento dos libros - rexistro das empresas de servicios de transportes reguladas en dito Regulamento.

**Artigo 3.-Suxento pasivo.**

Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuintes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1.- A persoa ou entidade a quen se lle outorgue a concesión e expedición da licencia, ou a quen se autorice a transmisión da mesma.

2.- O titular da licencia cando o seu vehículo sexa sustituido ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria e/ou os seus libros-rexistro sexan dilixenciados.

**Artigo 4.-Responsable.**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5.- Cota tributaria**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servicio ou actividade, consonte á seguinte tarifa:

	Euros
<b>Epígrafe primeiro. Concesión e expedición de licencia</b>	
a) licencias da clase A .....	<b>72,12 €</b>
b) licencias da clase B .....	<b>60,10 €</b>
c) licencias da clase C .....	<b>60,10 €</b>
<b>Epígrafe segundo. Autorización para transmisión de licencias</b>	
a) Transmisión “inter vivos”	
1. De licencias da clase A .....	<b>90,15 €</b>
2. De licencias da clase B .....	<b>90,15 €</b>
3. De licencias da clase C .....	<b>90,15 €</b>
b) Transmisións “mortis causa”	
1. A primeira transmisión de licencias de calquer clase a prol dos herdeiros forzosos .....	<b>60,10 €</b>
2. Ulteriores transmisións das referidas licencias .....	<b>60,10 €</b>
<b>Epígrafe terceiro. Sustitución de vehículos</b>	
a) licencias da clase A .....	<b>60,10 €</b>
b) licencias da clase B .....	<b>60,10 €</b>
c) licencias da clase C .....	<b>60,10 €</b>
<b>Epígrafe cuarto. Revisión de vehículos</b>	
a) Revisión anual ordinaria .....	<b>18,03 €</b>
b) Revisión extraordinaria, a instancia de parte .....	<b>18,03 €</b>
<b>6.Epígrafe quinto. Dilixencias de libros - rexistro</b>	
a) Empresas titulares de licencias, obrigadas .....	<b>30,05 €</b>

#### **Artigo 6.- Exencions e bonificación.**

Non se concederán exención ou bonificación algunha no pagamento da taxa.

### **Artigo 7.- Normas de xestión.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2º, na data en que este Concello expida a licencia ou autorice a transmisión e a sustitución do vehículo.
2. Cando se trate da prestación dos servicios de revisión de vehículos e de dilienciamento de libros- rexistro, a taxa devengarase no momento no que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude dos mesmos.

### **Artigo 8º - Declaración de ingreso.**

1. A realización de actividades e a prestación de servicios obxecto desta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.
2. Todas as cotas serán obxeto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuyentes o seu pagamento no plazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

### **Artigo 9.- Infraccións e sancións**

No referente á cualificación de infraccións tributarias, e a imposición das sancións que lles correspondan, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### **Disposición derradeira**

A presente ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da corporación na sesión ordinaria celebrada o día vintecatro de xuño de mil novecentos oitenta e nove, comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.